

## PRESENTACIÓN

### **O mar de Rosa Aneiros na librería Couceiro**

Manuel Bragado, da editorial [Xerais](#), e o xornalista Camilo Franco acompañaron á escritora [Rosa Aneiros](#) na presentación da súa última creación na librería Couceiro, en Santiago. Trátase de *Veu visitarme o mar*, unha obra na que a autora fai un repaso por dúas das catástrofes ecolóxicas que afectaron Galiza nos últimos anos: os afundimentos dos buques Mar Exeo e Prestige. *Veu visitarme o mar* súmase á produción literaria de Rosa Aneiros, na que se contan obras como *Resistencia*, *O xardín da media lúa* ou os relatos infantís de *Eu de maior quero ser*.

- 09:13 18/02/2005